

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE MARZO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de marzo de 2026, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, en funcións de alcalde e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Víctorio Repetto Morbán, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar o procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda de mercadorías no Arde Lucus 2026 prorrogable para os anos 2027, 2028 e 2029. Exp. ref. 2026-C013-000001.

2. PERSOAL.- Acórdase aprobar a resolución de cobertura temporal en comisión de servizos do posto de xefe/a de negociado (delineante) no Servizo de Enxeñería.

Tamén se acorda a rectificación de erro material do acordo número 2/503 da Xunta de Goberno Local celebrada o día 17 de decembro de 2025 de aprobación de Oferta de Emprego Público para 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

3. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do Plan Parcial de solo urbanizable delimitado S-15.r do PXOM de Lugo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6590551864444313539.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-3-2026

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

4. EDUCACIÓN.- Acórdase a aprobación das bases da convocatoria de subvencións a asociacións de nais e pais de alumnos/as (Anpas) de centros educativos sostidos con fondos públicos para actividades formativas e culturais realizadas no ano 2026.

Fóra da orde do día

- Contratación da subministración de combustible para a calefacción e os grupos electrógenos do Concello de Lugo. Aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e apertura de procedemento aberto. Exp. Ref. 2026/C004/000006.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Víctorio Repetto Morbán.